

Lei 8/1988, do 18 de xullo, do Plan xeral de investigación científica e técnica de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proposición de lei, BOPG núm. 142, do 15.5.1987.

Debate e toma en consideración polo Pleno, DSPG núm. 72, do 29.12.1987.

Emendas, BOPG núm. 229, do 8.3.1988.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 265, do 10.6.1988.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 271, do 17.6.1988.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 95, do 29.6.1988.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 278, do 1.7.1988.

Diario Oficial de Galicia núm. 147, do 2.8.1988.

Boletín Oficial del Estado núm. 236, do 1.10.1988.

Lei 8/1988, do 18 de xullo, do Plan xeral de investigación científica e técnica de Galicia

Esta lei foi derogada pola Lei 12/1993, de fomento de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

O artigo 27.19 do Estatuto de Autonomía para Galicia recolle como competencia exclusiva da Comunidade Autónoma o fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuício do fomento e da coordinación xeral da investigación científica e técnica que lle corresponda ó Estado, segundo o artigo 149.1.15.º da Constitución

Establecida a normativa que fomenta e coordena a investigación científica e técnica en España por medio da Lei 13/1986, do 14 de abril, a Comunidade Autónoma de Galicia considerou necesario programa-los recursos e coordena-las actuacións dos centros de investigación públicos, a Universidade e a empresa privada en canto a que estes reciban parte do seu caudal dos fondos públicos da Comunidade. Isto faise para logra-la maior eficacia posible do Plan Estatal de Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico no noso territorio, sen prexuício do Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica de Galicia que se crea pola presente Lei.

Non se coidou conveniente que en materia de tan fundamental importancia, para promove-la busca de solucións ós problemas científicos, económicos, sociais e culturais, xestionar, desenvolver e fundamentar iniciativas propias que hai que inserir no plan estatal e a través deste en programas internacionais cando proceda, se debese acudir á creación dunha Comisión Interdepartamental ou dun Consello Asesor. A natureza do problema, a necesidade de crear un clima social axeitado e de contar cunha masa crítica capaz de produci-la creación sostida e catalizadora das maiores inque-danzas e dos mellores criterios esixe a máis alta consideración e preocupación do poder público galego, que se plasma na presente Lei para un plan que tamén será de Galicia.

Se a ciencia consiste no descubrimento do descoñecido, temos, non obstante, o deber de saber para onde temos que mirar, polo que certa porción de planificación é inherente á investigación científica.

Todo coñecemento contén unha boa dose de ben cimentada anticipación e previsión tanto nas ciencias naturais coma sociais, de aí que un plan de apoio de fomento da ciencia conterá as previsións necesarias que fundamenten investimentos que hai que realizar, unha vez seleccionados obxectivos sociais diversos, todos igualmente desexables, polo que a planificación do desenvolvemento da ciencia é máis ben a planificación da súa organización social, que reclama a coordinación e o control do gasto público que se destine a estes mesteres.

Por outra banda, a falta de recursos adicados á investigación e ó desenvolvemento en España, moi por debaixo dos países do noso entorno, a pesar dos importantes incrementos realizados recentemente, refléxase de modo negativo nos Presupostos da nosa Comunidade, que destinan moi reducidas partidas á investigación científica e técnica, partidas que se subsumirán notablemente incrementadas no plan que ten que elabora-la Comisión Delegada da Xunta para a Investigación Científica e Técnica, órgano de planificación, coordinación e seguimento, formado por representantes das Consellerías involucradas baixo a presidencia do Conselleiro que se designe.

O plan elaborárase dentro das grandes liñas de política autonómica e dos obxectivos de investigación que se sinalen, establecen-

do programas plurianuais e anuais, e prioridades. Contará para a súa elaboración coa intervención do Consello Galego da Investigación Científica e Técnica, e da súa composición formarán parte representantes da Administración Autónoma, da Universidade, da empresa, dos sindicatos e dos centros de investigación existentes tanto públicos coma privados.

A investigación estará tamén integrada polos sectores económicos da nosa Comunidade, para dotalos de competitividade e avance tecnolóxico, que conduzan ó nacemento de novos produtos e procedementos. Os criterios de selección dos sectores que reciban axuda estarán relacionados cos programas de formación que propicien o fomento da produtividade do persoal investigador.

Os investimentos en actividades de investigación e desenvolvemento faranse tanto en centros do sector público —Universidades, centros e institucións oficiais e centros de investigación existentes tanto públicos coma privados— coma no seo das empresas, aplicando criterios de selectividade nas colaboracións ou concertacións que o Goberno Autónomo estableza con estas entidades ou nas axudas que lles conceda ás mesmas.

Créase a figura do Instituto Superior de Investigación Científica e Técnica, adicado á investigación tecnolóxica de aplicación

inmediata ás necesidades da industria de Galicia e á formación de cadros cualificados nas áreas tecnolóxicas de interese, en concerto coa Universidade e financiado pola Comunidade Autónoma.

Non menos importante é a creación do Rexistro de Centros e Investigadores, que estará a cargo do Consello Galego da Investigación Científica e Técnica, para identifica-las institucións e persoas, fomenta-la información, difusión de coñecementos e promoción da ciencia, informar da marcha das investigacións, dos programas e dos proxectos. Nel estarán inscritos as institucións e os investigadores, que aproveitarán del o seu potencial permanente.

Finalmente, a Memoria anual que elaborará a Comisión Delegada, e que aprobará o Parlamento, será a manifestación máis explícita e completa da marcha do plan e do desenvolvemento da ciencia e da tecnoloxía en Galicia e da aprobación de novas propostas e/ou correccións relativas á súa aprobación.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei do Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica de Galicia.

Capítulo I

Da planificación

Artigo 1. Da planificación.

Para o fomento e coordinación da investigación científica e técnica de Galicia e a súa eventual imbricación nos plans estatais e outros programas de carácter bilateral ou multilateral de Comunidades Autónomas, establécese o Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica de Galicia.

Este plan fixará os grandes programas de investigación científica e de desenvolvemento tecnolóxico, os proxectos que propicie a Comunidade Autónoma Galega e os de cooperación nacional e internacional que se fomenten a través dos Plans Estatais de Investigación Científica e Técnica.

Contribuirá á procura de solucións de todo tipo de problemas científicos, económicos, sociais e culturais, á eliminación das desigualdades e discriminacións, a eleva-la calidade de vida, a difundir e aproveita-los resultados obtidos pola ciencia e a investigación, e axudará á formación de novos científicos e investigadores en Galicia.

Artigo 2. Dos obxectivos do plan.

O Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica de Galicia orientarase esencialmente de cara ós seguintes obxectivos:

a) Á formación de novos científicos e investigadores.

b) Ó progreso do coñecemento científico na Comunidade Autónoma e á conservación, promoción e aproveitamento óptimo dos recursos humanos e físicos.

c) Ó avance da innovación e desenvolvemento tecnolóxico e á subseguinte incidencia na capacidade competitiva dos sectores productivos.

d) Ó desenvolvemento económico xeral, ó fomento do emprego e á mellora da calidade de vida, tanto no relativo ó benestar social coma á saúde, á cultura, ós servizos e á satisfacción no traballo.

e) Á defensa e conservación do entorno natural (aire, auga, flora, fauna, clima, costas), eliminando a contaminación e preservando a calidade dos alimentos humanos.

f) Á mellora da calidade do ensino e ó establecemento de sistemas que aseguren unha verdadeira igualdade de oportunidades no desenvolvemento intelectual.

g) Ó fomento da creación artística e ó progreso e difusión da cultura en tódolos seus ámbitos.

h) A lles presta-los servizos máis adecuados á comunidade científica galega e ás institucións comprometidas no seu desenvolvemento.

l) Á conservación e defensa do patrimonio histórico, cultural e lingüístico de Galicia.

m) A promove-la adecuación da sociedade galega ós cambios que

levan consigo o desenvolvemento científico e as novas tecnoloxías.

Artigo 3. Das previsións do plan.

A realización do Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica de Galicia efectuarase mediante a elaboración e aplicación de programas de diferente carácter temático e temporal.

Para o desenvolvemento dos programas que integran o Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica de Galicia, así como para a estruturación das bases e do seu desenvolvemento, consideraranse:

a) As necesidades sociais, económicas e culturais de Galicia.

b) Os recursos humanos e materiais existentes, así como as súas posibilidades de promoción e expansión, e as necesidades de futuro.

c) Os recursos económicos e presupostarios disponibles, así como a necesidade dun financiamento regular para o mantemento e a promoción da investigación científica e tecnolóxica.

d) A identificación e diagnóstico dos problemas colectivos.

e) A anticipación dos problemas futuros nos cales poida incidir a ciencia e a tecnoloxía, e a creación da estratexia necesaria para conducir a ciencia e tecnoloxía á satisfacción das necesidades humanas.

f) A necesidade de acadar unha elevada capacidade propia na

ciencia e na tecnoloxía, así como a difusión da normalización.

g) A conveniencia de acceder a tecnoloxías externas, mediante procesos de incorporación selectivos adecuados, en cada caso, ó desenvolvemento da capacidade científica e tecnolóxica galega.

h) As posibilidades de coordinación do correspondente plan estatal, así como a selección da colaboración que hai que desenvolver en Galicia dentro do presente plan en forma de programas concretos.

i) A vontade de manter viva a política de ciencia e tecnoloxía mediante o estudo continuado e a revisión permanente da mesma.

l) As repercusións humanas, sociais e económicas que poderían resultar da investigación científica e da súa aplicación tecnolóxica.

Artigo 4. Da aplicación dos resultados do plan.

O Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica de Galicia fomentará tanto a investigación propia dos centros, institucións, empresas e agrupacións de investigación, coma a aplicación que se desenvolva ó amparo do mesmo. Para tal efecto, o plan preverá e o Goberno Autónomo será responsable de:

a) A rápida, efectiva e continua transferencia de información científica e tecnolóxica a institucións, grupos industriais, socieda-

des agrarias e sociedades de servizos, así como ás de investigación e enxeñaría.

b) A necesaria coordinación entre os centros de investigación, Universidade e empresa.

c) O seguimento dos programas e a súa rentabilidade económica, social e científica, así como a incidencia no progreso e desenvolvemento permanente da sociedade galega.

d) A partir da entrada en vigor desta Lei, os Presupostos Xerais de Galicia conterán medidas de carácter financeiro e, se é o caso, fiscal que apoiem e favorezan as actividades de investigación científica e as de desenvolvemento tecnolóxico.

Artigo 5. Fomento da investigación aplicada.

O Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica de Galicia fomentará a investigación aplicada, así como o desenvolvemento tecnolóxico e de innovación industrial.

Artigo 6. Do contido do plan.

1. Son componentes da política científica e de planificación os seguintes:

a) As grandes liñas da política económica e a planificación financeira de Galicia.

b) Os obxectivos da política de Galicia en materia de investigación.

c) Os programas plurianuais.

d) A programación anual.

2. O plan incluíra, polo menos, o seguinte:

a) Planificación xeral das actividades que hai que desenvolver, con descrición detallada das mesmas, obxectivos de rentabilidade económica, social e científica, e vías para o seu logro e calendario.

b) Valoración dos gastos de persoal, operacións correntes de capital e previsións para a elaboración, avaliación, xestión, execución e seguimento dos programas que integren as actividades citadas.

c) A súa financiación con cargo ós Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e outras aportacións estatais e internacionais de carácter público e privado.

d) Mecanismos necesarios para o control da correcta aplicación dos fondos presupostados e difusión das conclusións obtidas.

Artigo 7. Das prioridades.

O Goberno Galego, dentro do Plan anual de Investigación Científica e Técnica, presentarálles ó Parlamento e ó Consello Xeral da Ciencia e da Tecnoloxía os programas galegos de interese estatal a que se refire a Lei 13/1986, do 14 de abril, para a súa inclusión nos plans do Estado, tal como fixa o procedemento da devandita Lei, seguindo o desen-

vovemento no seo dos mesmos, e igualmente coidará da execución daqueles programas que se realicen no ámbito da Comunidade Autónoma ou con terceiros.

Daráselles prioridade a aqueles proxectos de aplicación específica galega que fomenten e desenvolvan as potencialidades da Comunidade Autónoma, de modo que maximicen o aproveitamento dos resultados da investigación.

Artigo 8. Do desenvolvemento do plan.

1. O Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica de Galicia comprenderá as actividades que se desenvolvan tanto por iniciativa directa coma concertada con organismos e entidades públicas e privadas.

2. A Comisión Delegada da Xunta de Galicia para a Investigación Científica e Técnica, definida no artigo 10.1, desenvolverá o plan de acordo coas súas previsións e as consideracións contidas no artigo 3, e elevarallo ó Goberno Autónomo, que llo remitirá ó Parlamento de Galicia.

Para unha perfecta coordinación co plan estatal, a súa revisión será anual, e a súa continuidade asegurárase mediante Memoria elevada polo Goberno ó Parlamento Autónomo, que conterà as ampliacións que procedan, así como a información precisa para o coñecemento e a evolución do seu cumprimento.

Artigo 9. Da financiación do plan.

1. O Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica de Galicia fomentará a investigación nos seus distintos campos de coñecemento, a través dunha financiación regular que faga posible o mantemento e a promoción de equipos de investigación de calidade, tanto na Universidade coma nos demais centros públicos ou privados de investigación.

A tal fin incorporará a función investigadora á expresión do gasto público.

2. A partir da entrada en vigor desta Lei, os Presupostos Xerais de Galicia conterán medidas de carácter financeiro para o sostemento dos programas que se desenvolvan ó amparo do plan, fixando como meta o investimento do 2% do Producto Nacional Bruto (PNB) de Galicia.

Capítulo II

Dos órganos de planificación, coordinación e asesoramento

Artigo 10. Da Comisión Delegada e da Permanente.

1. A Comisión Delegada da Xunta de Galicia para a Investigación Científica e Técnica será o órgano de planificación, programación, coordinación e seguimento do Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica, e estará constituída por representantes de cada unha das Consellerías involu-

cradas, nomeados pola Xunta, que así mesmo designará ó Conselleiro que a presida.

2. Á Comisión Delegada da Xunta de Galicia para a Investigación Científica e Técnica correspóndenlle, ademais da elaboración dos plans, entre outras, as seguintes funcións:

a) Propoñe-la asignación dos fondos públicos e daqueles privados destinados ós diferentes programas que integran o plan, e atribuír, cando proceda, a xestión e execución dos mesmos, así como determina-la súa duración.

b) Coordena-las actividades de investigación que as distintas Consellerías realicen en cumprimento do plan, así como reconece--las actuacións de apoio e asistencia técnica das que teñan relación coas mencionadas actividades.

c) Avalia-lo cumprimento do plan e dos programas presupostarios correspondentes ó mesmo.

d) Presentarlle ó Goberno Autónomo, para a súa elevación ó Parlamento de Galicia, unha Memoria anual relativa ó cumprimento do plan, podendo comprende-las propostas de rectificación que se estimen necesarias.

e) Orienta-la política de formación de investigadores en tódolos seus niveis, propoñer medidas para o fomento do emprego dos mesmos e facilita-la súa mobilidade nos ámbitos investigador e productivo.

f) Recadar, coordinar e subministra-la información científica e tecnolóxica necesaria para o cumprimento do plan.

g) Elevarlle ó Goberno Autónomo as propostas que estime necesarias para asegura-lo desenvolvemento e cumprimento do plan nacional de Galicia.

h) Revisar anualmente o plan, o que podería levar consigo a ampliación de novas anualidades, facendo un informe sobre o seu desenvolvemento, que lle someterá ó Goberno para a súa aprobación e posterior remisión ó Parlamento de Galicia.

3. A Xunta de Galicia nomeará unha Comisión Permanente de entre os membros da Comisión Delegada.

A Comisión Delegada da Xunta para a Investigación Científica e Técnica definirá as funcións da Comisión Permanente e a estrutura orgánica, persoal e medios necesarios, os cales estarán coordinados pola Consellería da que sexa titular o Presidente da Comisión Delegada.

Artigo 11. Coordinación.

1. Correspóndelle á Comisión Delegada da Xunta de Galicia para a Investigación Científica e Técnica a coordinación e seguimento dos programas e proxectos estatais con participación galega, de tal xeito que xestione os intereses da Comunidade Autónoma na materia.

2. A Comisión Delegada coordinará, así mesmo, os programas de investigación dos centros das diversas Consellerías.

3. A Comisión Delegada encargárase de incorporar ó plan os programas e proxectos propostos pola iniciativa privada que respondan ás necesidades establecidas nas previsións, de tal xeito que se acollan ós apoios oficiais da Comunidade.

4. A Comisión Delegada, a través do seu Presidente, informará periodicamente ó Goberno Galego da coordinación e do cumprimento do plan.

Artigo 12. Dos asesores.

No cumprimento da elaboración do plan, a Comisión Delegada asesorárase daquelas entidades ou persoas que considere convenientes para o logro dos seus fins.

Artigo 13. Dos organismos executores do plan.

1. A execución do plan encomendaráselles preferentemente ós organismos científicos dependentes da Administración Autónoma, institucións públicas e privadas, Universidades e empresas radicadas en Galicia.

2. Os organismos, empresas e institucións ós que se refire o apartado anterior poderán contratar persoal científico e técnico para a execución das actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico corresponden-

tes ó plan, por un período máximo idéntico ó do programa con cargo ó cal se satisfagan os soldos e cargas sociais correspondentes, conforme ó establecido no artigo 15.1.a) do Estatuto dos Traballadores.

Artigo 14. Do Consello Galego da Investigación Científica e Técnica.

Créase o Consello Galego da Investigación Científica e Técnica, que se compondrá de 9 membros, dos cales 2 serán nomeados pola Xunta de Galicia, 2 polo Parlamento Galego, 2 pola Universidade e 2 polas institucións representativas da empresa, dos sindicatos e do conxunto da vida económica e social. O Presidente deste Consello será nomeado pola Xunta de Galicia entre persoas de prestixio no campo da investigación científica e técnica.

Serán funcións deste Consello:

a) Promover programas e proxectos de investigación.

b) Promover intercambios de información científica e tecnolóxica entre os centros de investigación, a Universidade e a empresa.

c) Seguir e avalia-los programas deste plan, para o que emitirá informes, que serán públicos, de periodicidade anual. Estes informes remitirállelos á Mesa do Parlamento Autónomo e á Comisión Delegada da Xunta de Galicia para a Investigación Científica e Técnica.

d) Mante-lo Rexistro de Centros e Investigadores.

Artigo 15. Do representante no Consello Xeral da Ciencia e da Tecnoloxía.

A Xunta de Galicia nomeará o representante de Galicia no Consello Xeral da Ciencia e da Tecnoloxía de entre os membros do Consello Galego.

Este representante será o portavoz dos intereses específicos do Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica de Galicia, e xestionará a imbricación dos proxectos que o requiran no plan estatal. Así mesmo será a canle de coordinación e información que se precise no máis alto nivel.

Capítulo III

Dos centros de investigación,
Instituto Superior
de Investigación Científica e
Técnica de Galicia e do Rexistro

Artigo 16. Dos centros colaboradores e da execución do plan.

Os centros exclusivamente galegos de investigación pasarán a ser centros colaboradores do plan, modificando os seus Estatutos de conformidade con esta Lei. Os centros de investigación radicados en Galicia dependentes de organismos estatais están suxeitos á Lei 13/1986, do 14 de abril, de Fomento e Coordinación Xeral da Investigación Científica e Técnica.

Os centros galegos de investigación someteranse á presente Lei e daranlle conta das súas actividades á Comisión Delegada da Xunta de Galicia para a Investigación Científica e Técnica en cumprimento anual dos cometidos específicos do Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica de Galicia.

Artigo 17. Das funcións dos centros colaboradores.

Serán funcións dos centros:

a) Xestionar e executar programas e proxectos que lles sexan encomendados no plan de acordo coa súa especialidade e interese.

b) Colaborar na prospección de temas de investigación científica e técnica.

c) Servir de canle, cando proceda, para facer chegar os resultados da investigación ós centros da súa aplicación.

d) Asesora-lo plan a petición da Comisión Delegada.

e) Desenvolve-los programas de formación de investigadores que no plan galego se lles encomenden.

Artigo 18. Da formación na investigación tecnolóxica.

A Comisión Delegada da Xunta de Galicia para a Investigación Científica e Técnica poderá concertar coa Universidade a celebración de cursos de formación ou de especialización, fundamentalmen-

te adicados á investigación tecnolóxica sobre as directrices emanadas do Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica de Galicia, en contacto coa industria, xa sexa a través dos organismos existentes ou doutros creados para o efecto.

Artigo 19. Dos Institutos de Investigación Científica e Técnica.

A Comisión Delegada poderá concertar coa Universidade e outras institucións a creación, con financiación total ou parcial a cargo dos Presupostos da Comunidade Autónoma, de Institutos fundamentalmente adicados á investigación científica e técnica sobre as directrices emanadas da planificación científica autonómica.

Os Institutos de Investigación Científica e Técnica adicaranse a desenvolver liñas de traballo de especial interese para as necesidades da estrutura industrial de Galicia e posuirán capacidade para impartir docencia da especialización a post-graduados, e formarán parte do Instituto Superior de Investigación Científica e Técnica de Galicia, que se creará na Comunidade Autónoma cos asesoramentos e coas orientacións máis adecuadas da comunidade científica nacional e internacional.

Artigo 20. Da finalidade dos Institutos de Investigación Científica e Técnica.

1. Para os efectos da presente Lei, os Institutos de Investigación

Científica e Técnica son centros de carácter superior adicados fundamentalmente á investigación tecnolóxica de aplicación inmediata ás necesidades da industria de Galicia, e á formación, a alto nivel, de cadros cualificados nas áreas tecnolóxicas de interese para o país galego, financiados con cargo ós Presupostos da Comunidade Autónoma.

2. O Instituto Superior de Investigación Científica e Técnica de Galicia incluírá na súa organización e funcións a creación e as actividades dos Institutos que se funden con capital público e privado.

Artigo 21. Da creación dos Institutos de Investigación Científica e Técnica.

1. As propostas para a creación dos centros a que fan referencia os artigos anteriores seranlle formuladas á Xunta de Galicia pola Comisión Delegada de Investigación Científica e Técnica a través da Consellería de Educación.

2. Por medio do oportuno convenio, estableceranse para cada un dos respectivos Institutos as condicións, características, xestión, financiación e programas correspondentes, de acordo co previsto na presente Lei, nos artigos 10 e 11 da Lei de Reforma Universitaria e nos Estatutos da Universidade.

3. As propostas de creación de Institutos de Investigación Cientí-

fica e Técnica requirirán a aprobación do Parlamento de Galicia.

Artigo 22. Da promoción privada de Institutos de Investigación Científica e Técnica.

A creación de Institutos de Investigación Científica e Técnica poderá ser promovida pola iniciativa privada. Unha vez creados, daránlle coñecemento ó Consello Galego de Investigación Científica e Técnica.

Artigo 23. Das axudas á empresa privada.

1. Establecerase un servizo de apoio á empresa privada referido á información sobre materias de investigación en curso, procedementos de adhesión a programas concretos, contactos con grupos afíns e complementarios, e tramitacións. Tamén se creará unha dependencia centralizada de información.

2. Para os proxectos aprobados a Comunidade Autónoma asumirá unha cuota de risco coa empresa privada en forma de axudas a fondo perdido ou reembolsables, referentes á financiación, a asesoramentos ou a auditorías.

3. Poderán crearse incentivos específicos para lanzamentos de produción e comercialización.

4. Estableceranse os mecanismos que permitan as devolucións que se pacten a través da participación en beneficios directamente relacionados cos novos produtos ou servizos.

Artigo 24. Do Rexistro de Centros de Investigadores.

1. Créase un Rexistro administrativo de Centros e Institucións de Investigación en Galicia e de Investigadores, que estará a cargo do Consello Galego da Investigación Científica e Técnica, cos obxectivos seguintes:

a) Identifica-las ditas institucións e persoas.

b) Coñece-la súa estrutura, organización e preparación para calquera acción concertada ou de fortalecemento das mesmas.

c) Fomenta-la difusión de coñecementos, información e promoción da ciencia e da tecnoloxía.

d) Informar da marcha das investigacións, programas e proxectos a través do servizo informativo que proceda.

2. Deberán inscribirse no Rexistro de Centros as institucións, organismos e empresas radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia que formen parte da Administración Autonómica, así como as institucións, empresas e organismos dos sectores público e privado interesados en acollerse ós beneficios e estímulo que a Comunidade institúa para os fins desta Lei.

3. Tódolos investigadores que realicen a súa función tanto en institucións públicas coma priva-

das deberán estar inscritos no Rexistro administrativo que se crea por esta Lei.

Disposición adicional primeira.— Creación da Comisión parlamentaria para o Seguimento do Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica de Galicia.

Para os efectos do previsto no artigo 8.2, e sen prexuício do que dispoña o Regulamento do Parlamento Autónomo, constituirase unha Comisión para coñecer e seguir-lo Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica de Galicia, así como a Memoria anual á que se fai mención no citado artigo.

Disposición adicional segunda.— Autorización da Xunta para a participación en sociedades mercantís que realicen investigación científica e técnica.

A Xunta de Galicia poderá autoriza-la creación ou participación no capital de sociedades mercantís que teñan como obxectivo a realización de actividades de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico ou a prestación de servizos técnicos relacionados coas mesmas.

Disposición adicional terceira.— Autorización da Xunta para asinar convenios con centros privados ou públicos para a xeración, difusión ou aplicación da ciencia e da tecnoloxía.

A Administración Autónoma poderá celebrar convenios e contratos relativos á xeración, difusión e aplicación da ciencia e da tecnoloxía cos sectores públicos e privados interesados, axustándose ás liñas de actuación e ós termos establecidos polas disposicións en materia da planificación científica e de desenvolvemento de Galicia.

Se o interese galego o demandase, o Goberno poderá encargarlle-la execución dun programa determinado do plan a institucións, organismos, Universidades, empresas ou persoas alleas á nosa Comunidade.

Disposición adicional cuarta.— Integración dos Institutos de Investigación Científica e Técnica no Instituto Superior.

Os centros de investigación dependentes da Comunidade Autónoma pasarán a integrarse no Instituto Superior de Investigación Científica e Técnica de Galicia.

Disposición transitoria.— Prazo para a definición da estrutura orgánica da Comisión Delegada da Xunta de Galicia para a Investigación Científica e Técnica.

O Goberno Autónomo, nun

prazo non superior a seis meses a partir da entrada en vigor da presente Lei, procederá ó desenvolvemento da estrutura orgánica da Comisión Delegada da Xunta de Galicia para a Investigación Científica e Técnica e á súa constitución e posta en funcionamento.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas tódalas disposicións que se opoñan ó disposto na presente Lei e disoltas tódalas Comisións e órganos que existan e estean desenvolvendo funcións reguladas pola presente Lei.

Disposición derradeira

Autorízase á Xunta de Galicia para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente Lei.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 1988

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente